

# ENTROIDO 2016

Concello da Baña

## BASES

O sábado, día 13 de febreiro de 2016, terá lugar o desfile de comparsas do Entroido, no que poderán participar libremente todas aquelas persoas que o desexen; outorgaranse os premios de acordo coas seguintes categorías:

### PREMIOS COMPARSAS

1º PREMIO: 300 €

2º PREMIO: 200 €

3º PREMIO: 100 €

4º PREMIO: 75 €

### PREMIO DISFRACES INDIVIDUAIS/ PARELLAS

PREMIO AO MELLOR DISFRACE INFANTIL: 50 €

PREMIO AO MELLOR DISFRACE ADULTO: 50 €

### NORMAS DE PARTICIPACIÓN:

1. A participación queda aberta a todas as asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.
2. Os/as participantes farán a súa presentación e confirmación no Concello da Baña, ata o sábado 13 de febreiro de 2016 ás 16:00 horas.
3. Entenderase por comparsa a agrupación de máscaras ou disfraces e complementos dun número igual ou superior a 3 persoas.
4. As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na súa actuación.
5. Os criterios de valoración basearanse na orixinalidade, elaboración e acabados, adaptación e interpretación da temática escollida...
6. O itinerario do desfile que comezará arredor das 17:00 horas, concentrarase na rúa Xacinto Rodríguez, Praza do Concello e rúa Tedelle.  
Aqueles grupos que desexen participar cunha coreografía na que precisen a reprodución da música dende o concello deberán presentala cunha hora de antelación.

7. A comunicación dos premios farase no pavillón polideportivo.
8. O xurado estará composto por 3 persoas como mínimo e sempre número impar.
9. A decisión do xurado comunicarase ao rematar o desfile, no pavillón de deportes.
10. A decisión do xurado é inapelable.
11. Toda comparsa que non acate as ordes da organización será descualificada e non optará aos premios.
12. A orde do desfile rexerese segundo a data de inscrición.
13. O Concello da Baña non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile de Entroido 2016.
14. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
15. A data límite de inscrición será o día 13 de febreiro de 2016 ás 16:00 horas no Concello da Baña ou nos teléfonos 981 886 501 – 607 577 419.

## CONCELLARÍA DE CULTURA

D./D.<sup>a</sup>.....con  
NIF..... enderezo en .....  
.....e teléfono/s.....  
como representante da comparsa ou disfrace.....  
.....  
co dorsal núm..... na modalidade de.....

ACEPTO plenamente as bases deste concurso de Entroido 2016.

A Baña, ..... de ..... de 2016

Asdo.: .....